



RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS Á CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DA ESCALA TÉCNICA SUPERIOR (SUBESCALA MICROSCOPIA) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (SUBGRUPO A1)

Rematado o prazo de reclamacións á relación provisional de admitidos e excluídos á convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza da escala técnica superior (subescala microscopía) da Universidade da Coruña (subgrupo A1) vacante na relación de postos de traballo de persoal funcionario desta universidade e convocado por Resolución do 4 de novembro de 2019, corrixida por Resolución do 20 de novembro de 2019, esta Xerencia, en aplicación do previsto na convocatoria resolve aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no anexo que se acompaña.

De acordo co previsto na resolución antes mencionada, convócanse ás persoas aspirantes para a realización do segundo exercicio da fase de oposición que terá lugar o 02.10.2021, ás 10:00 h, na Sala de Xuntas do Edificio dos Servizos Centrais de Investigación (ESCI), Campus de Elviña, 15008 A Coruña.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou acreditación equivalente e dun bolígrafo de cor negro ou azul. Non se pode entrar ao exame con aparellos electrónicos (teléfono móbil, PDA, etc.).

As persoas convocadas deberán cumprir en todo momento o *Protocolo de adaptación á nova situación orixinada pola pandemia COVID-19 para a celebración das probas dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público da Universidade da Coruña*, o cal poden consultar na sede electrónica no seguinte enlace: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/001783.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, asinado dixitalmente

O xerente
PD Reitor (RR 14.01.2020)
Ramón del Valle López

ANEXO**RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS Á CONVOCATORIA DE
PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DA ESCALA
TÉCNICA SUPERIOR (SUBESCALA MICROSCOPIA) DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA (SUBGRUPO A1)****Admitidos**

DNI	Nome	Acredita galego
****329T	Solla Agra, Eugenio Luís	Si

Excluídos

DNI	Nome	Acredita galego	Causas de exclusión*
****342V	Gómez García, Manuel	Si	N
****582W	Sueiro López, Catalina	Si	M

*** Causas de exclusión:**

- A:** Non acredita a titulación exixida
- B:** Non presenta copia do DNI
- C:** Non presenta declaración de carecer de rendas superiores ao salario mínimo interprofesional
- D:** Non acredita período mínimo en situación de desemprego
- E:** Non acredita non rexeitar ofertas de emprego, promoción, formación ou reconversión profesional
- F:** Xustificante do pagamento das taxas incorrecto
- G:** Non presenta o modelo de solicitude da convocatoria
- H:** Non acredita discapacidade igual ou superior ao 33 %
- I:** Modelo de solicitude sen asinar
- J:** Non cumpre o requisito de nacionalidade
- K:** Documentación presentada fóra de prazo
- L:** Non presenta o xustificante de exención/bonificación de taxas
- M:** Non acredita nivel C1 de idiomas, preferentemente inglés
- N:** Non acredita experiencia e coñecementos no deseño do mantemento, manipulación, posta a punto e establecemento das condicións de operación dos equipos da Unidade de Microscopía. Previsión de funxibles